

CONSTITUCIÓN DA XUNTA ELECTORAL

De conformidade co establecido na Resolución do 20 de setembro de 2021, da Dirección Xeral de Educación e Formación Profesional (DOG 29 de setembro), realizarase proximamente neste centro a renovación de membros do **CONSELLO ESCOLAR** que é o instrumento de participación na vida escolar de todos os sectores educativos do colexio.

A organización e a supervisión do procedemento de elección dos novos membros do Consello Escolar estará a cargo da **Xunta Electoral** que se constituirá ao efecto, e integrada por:

- A directora do Centro.
- Un profesor ou profesora.
- Unha nai, pai ou titor/a legal.
- Unha representante do persoal de administración e servizos.

Os membros serán designados por sorteo segundo o *Decreto 92/1988, do 28 de abril*, redactado conforme ao establecido na disposición adicional primeira do *Decreto 324/1996, do 26 de xullo* (DOG do 9 de agosto). Dito **sorteo**, que será **público** e no que se preverá tamén a designación de membros suplentes, celebrarase neste centro o próximo **mércres día 27 de outubro, ás 12:15 horas**.

Aqueles membros da comunidade educativa que desexen presentar a súa candidatura para formar parte do novo Consello Escolar deberán seguir as instrucións que figurarán nas distintas **convocatorias** que proximamente se farán públicas pola Xunta Electoral do Centro.

Brexo-Lema, Cambre, a 25 de outubro de 2021.

A DIRECTORA DO CENTRO,

